

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE COGNITIVA NO ENTORNO SANITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Federación Autismo Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento das seguintes accións:

- a) Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.
- b) Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do trastorno do espectro autista (TEA).
- c) Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA.
- d) Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.
- O Plan Estratéxico de Saúde Mental recolle entre os seus obxectivos operativos o establecemento dun “programa antiestigma, de sensibilización social e loita contra a exclusión, que promova a inclusión e integración social”, polo que son de interese as actividades de divulgación e sensibilización desde a Federación Autismo Galicia encamiñadas a estes obxectivos.
- Entre as actividades da Federación Autismo Galicia, dado que agrupa diversas entidades e organizacións da nosa Comunidade Autónoma, dedicada especificamente ao ámbito das persoas con TEA, atópanse aquelas que teñen como finalidade a información, valoración e asesoramento ás persoas con TEA e ás súas familias; así como actividades relacionadas coa sensibilización, información e difusión deste trastorno.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

